

Logo dunha demorada maduración para non lle facer perder o tempo ao lector, como asegurou cando no ano 2002 obtivo o Premio Blanco Amor, Xosé Monteagudo estase a consolidar coma un narrador sólido do sistema literario galego. A súa última achega, *Un tipo listo*, obtivo a XXI edición do Premio García Barros e acaba de ser editada por Galaxia. Unha peza literaria que ficcionaliza unha operatoria fraudulenta, un perfecto sistema de banca paralela, abondo frecuentes entre nós. Lembremos os últimos grandes desfalcos no sistema bancario español, entre eles o de Pepe do Banco Pastor, no que en boa medida se basea o relato do escritor nado en Moraña.

A novela en efecto narra un enorme calote financeiro producido nunha sucursal dun banco de Vigo e atribuído ao director da mesma, recentemente falecido. Relata os feitos un fillo do morto que se converte así no verdadeiro protagonista da ficción. Mais, detrás deste relator, agóchase e asoma constantemente a

Trama elaborada

Unha fotografía crítica

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

sombra do pai, cuxas decisiones condicionaron sempre a súa vida. O pai xogara sempre a partida da vida real coas súas propias normas, sendo a fun-

damental a crencia de que o único que importa é o diñeiro e tanto más teñas, máis listo es. Con esta máxima como norte, monta unha operatoria fraudulenta á marxe do banco, beneficiándose de clientes "especiais" mediante os que consegue detraer fortes cantidades de diñeiro que agacha en escondedoiros seguros. A trama da novela enfrenta ao fillo con este legado inquedante, non só porque el e o seu irmán son os principais sospeitosos diante da xustiza, senón especialmente porque se ve na obriga de ter que



asumir unha historial familiar con moitos interro-gantes e que vai abrollando a medida que transcorre a investigación.

Nunha taxinomía ca-nónica, Un tipo listo, cum-priría incluíla dentro do subxénero detectivesco, aínda que neste relato os detectives son personaxes marxinais. Pero o esquema detectivesco, esteado no gradual crecemento da intriga, aparece constanteamente e convértese no verdadeiro corazón do relato. Malia sabermos desde o comezo quen o fixo, a intriga acrecentase gradualmente e tira do lector, porque as pescudas do relator van facendo aflorar gradualmente este fraudulento sistema de banca paralela, xunto cunhas relacións familiares difíciles e con moitas zonas escuras, así como o retrato crítico dunha sociedade para a que o exíto financeiro é a única medida da valía das persoas. Así pois, para alén das convencións do xénero, a fórmula narrativa que emprega X. Monteagudo, é moito más rica e complexa que a simple resolución do enigma, pasando a formar parte do primeiro plano narrativo a fotografía crítica da sociedade e a introspección psicolóxica dos personaxes. MONTEAGUDO, Xosé, *Un tipo listo*, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP 19 €